

# Conclusións do Seminario

## «Paisaxes de montaña e actividades económicas»

*A Veiga, 26, 27 e 28 de outubro de 2018*



Do 26 ao 28 de outubro de 2018 celebrouse no concello da Veiga o Seminario «Paisaxes de montaña e actividades económicas», organizado pola Fundación Juana de Vega a través da Escola Galega da Paisaxe, co apoio do Concello da Veiga e coa colaboración do grupo de investigación Análise Territorial da Universidade de Santiago de Compostela. Cunha participación de máis de trinta asistentes, contou coas achegas de oito expertas e expertos na materia que interviñeron tanto para reflexionaren sobre cuestións temáticas (biodiversidade e paisaxes vencelladas ás actividades económicas da montaña, silvicultura sustentábel, turismo rural, etc.) como para achegaren modelos de distintas áreas do país, e de fóra del, que ofrecen alternativas de interese para a zona.

As persoas relatoras participantes foron:

- Valerià Paül (Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela).
- José Manuel Andrade Calvo (Fundación Juana de Vega)
- Valentín Cabero (Centro de Estudos Ibéricos, Universidad de Salamanca).
- Gaspar Bernárdez (Departamento de Producción Vexetal, Universidade de Santiago de Compostela).
- Rosa Mosquera (Departamento de Producción Vexetal, Universidade de Santiago de Compostela).
- Joan Alibés (Becalia).

- Roberto Hermida (Asociación Galega de Custodia do Territorio).
- Fredy Iglesias (Guías Malouco).
- Noelia Araújo (Departamento de Organización de Empresas e Márketing, Universidade de Vigo).

O debate sobre o modelo produtivo das zonas de montaña en termos de desenvolvemento rural formulouse a unha escala do territorio galego, mais tamén cunha especial atención á realidade do conxunto do Macizo de Trevinca; en concreto, ao concello da Veiga, o cal ocupa unha parte importante deste ámbito de montaña. Foron relevantes, asemade, as actividades no campo para traballar sobre o terreo as cuestións tratadas, estruturado en dous percorridos. O primeiro tivo lugar nas parroquias de Prada (visitouse o Centro Apícola creado polo Concello para o procesado e envasado de mel coa marca *Montañas de Trevinca*), Lamalonga (Exploración Forestal da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común, CMVMC) e Vilanova (plantación ecolóxica de arandos). O segundo percorrido realizouse na parroquia de Valdín e consistiu na visita a unha casa de turismo rural e a unha explotación agrogandeira. En todos os casos observouse e dialogouse activamente co/as empresarios/as e produtores/as da zona.



*José Manuel Andrade, Valerià Paül e a concelleira Ana Isabel Álvarez na inauguración do seminario.*



*Visita ao Centro Apícola do Concello da Veiga localizado en Prada.*



*Visita á plantación ecolóxica de arandos na parroquia de Vilanova.*



*Debate dos participantes na casa de turismo rural Eido das Estrelas (Valdín).*

O seminario partiu do debate ao redor do papel que presentan as actividades económicas nas paisaxes da montaña. Durante séculos, o sector primario sustentou as paisaxes de montaña, mais a crise da gandaría

ou das industrias madeireiras, así como a irrupción de novas actividades non presentes no pasado (turismo, minaría, etc.), están a comportar cambios moi rápidos nas paisaxes. Formulouse un debate específico sobre o limiar a partir do cal determinadas actividades económicas pasan a ser consideradas negativas para as paisaxes de montaña. Na actual situación, e de xeito talvez irónico, as paisaxes poden devir un activo económico ao sustentaren unha identidade, e mesmo unha marca, que poida facilitar ou canalizar o desenvolvemento dos territorios de montaña. Tamén se falou dos procesos de patrimonialización da montaña galega, entre os cales destaca o caso de Trevinca-A Veiga, que presentan evidentes consecuencias económicas. O traballo realizado durante tres días permitiu comprender como se están a artellar as actividades económicas destas terras nun contexto de cambio e permanente evolución. As principais ideas partilladas son:

- As paisaxes da montaña galega amosan unha interacción entre factores naturais e humanos, tanto materiais como inmateriais, que favorece actividades económicas vencelladas aos produtos de calidade, á actividade agroforestal baixo criterios de sustentabilidade e a un turismo alternativo ao dominante (litoral, urbano, etc.). O aproveitamento destas potencialidades pode vehicularse mediante unha mellor divulgación da marca territorial da montaña e, no caso particular do concello da Veiga, de Trevinca. Isto pode redundar no aumento de visitantes —o cal, en todo caso, non pode ser ilimitado— e tamén na mellora do posicionamento das diferentes producións da zona, que até o de agora carecen dun selo coñecido.
- O futuro do sector agrogandeiro da zona debe ligarse á revalorización da súa orixe. O reforzo da marca, que ten como nexo de unión a montaña, facilitaría o acceso a un produto de calidade recoñecida, ligado a unha determinada paisaxe. Resulta necesario que as carnes, os meles ou os cogomelos de Trevinca se individualicen fronte aos doutras procedencias, de forma que se xere unha cadea de valor forte.



*Gandaría extensiva de carne de vacún con razas autóctonas na parroquia de Valdín.*



*Explicación das posibilidades empresariais do turismo activo en Galicia.*

- Os diferentes produtos precisan mellor distribución e comercialización. É fundamental, neste sentido, que se poidan consumir ou mercar no propio territorio, na restauración mediante gastronomía de calidade ou no comercio de proximidade. Isto pode levarse a cabo mediante campañas e eventos concretos ou a través de paquetes turísticos especializados. Os produtos de montaña deben formar parte da imaxe que os concellos da zona proxectan cara ao exterior. Neste sentido, a creación de pequenas industrias de transformación ten un potencial nada desprezábel.

- No caso da Veiga véñse desenvolvendo un sector turístico nas últimas dúas décadas que permite ofrecer experiencias propias, ligadas ás paisaxes da zona, a diferenza do modelo xeral do turismo rural galego, pouco dado aos produtos individualizados por territorios ou destinos concretos. Boa proba do éxito do modelo é que as casas e hotcis de turismo rural presentan boas taxas de ocupación ao longo do ano. Aínda hai marxe para medrar, sobre todo cualitativamente, de xeito que se coordinen as ofertas e se consigan mellorar as experiencias xerais dos visitantes. No caso do ámbito de traballo do seminario, explorouse por exemplo a posta en valor das espectaculares paisaxes dos bosques caducifolios, das lagoas, das minas de volframio ou do patrimonio gandeiro. A recuperación dos percorridos e camiños tradicionais entre as aldeas é un bo xeito de ofrecer experiencias combinadas de diferentes modalidades de turismo activo, cunha interesante opción de diversificar os medios de desprazamento (cabalo, bicicleta, raquetas de neve, etc.).
- O feito de que o turismo de natureza sexa experimentado, informado e non pretenda sofisticación senón autenticidade constitúe unha oportunidade de cara á diferenciación desta contorna. Por este motivo, non se precisa incidir tanto no número de visitantes como na mellora da desestacionalización; isto é, do gozo do territorio e da paisaxe, con todo o que se pode ofrecer nas catro estacións do ano.
- Para facilitar a dinamización das economías da montaña é chave reorientar o uso de milleiros de hectáreas dos MVMC cara a unha xestión sustentábel e multifuncional (madeira tanto de coníferas como de frondosas, biomasa, cogomelos, froitos do bosque, mel, etc.) que permita obter rendas periódicas aos comunciros e ás comunciras.
- Semella conveniente traballar na liña dos sistemas agroforestais, que combinan a produción madeira en plantacións pluriespecíficas, os cultivos de distinto tipo e a ganaría extensiva nun mesmo espazo, de xeito que se xera paisaxisticamente un mosaico de distintas tesclas. Estes sistemas posibilitan unha serie de sinerxías económicas, sociais e ambientais que permiten desenvolver mellores produtos, e asemade, incrementar a calidade paisaxística e a resiliencia do territorio, ao non dependeren dunha soa especie ou dun só produto. Deste xeito, cómpre abandonar a hiperespecialización e os monocultivos convencionais, que se insiren en mercados nos que resulta difícil competir e evolucionar. Asemade, a lacra do lume combátese mellor mediante sistemas agroforestais deste tipo.

Como produto dos debates e análises realizados no seminario, os/as participantes que o desexaron presentaron as súas propostas de iniciativas de emprendemento. O obxectivo foi pór en común diferentes proxectos que poderían ser o xermolo de actividades económicas innovadoras no territorio da Veiga, susceptibles, por outra banda, de seren admitidos no Programa de Emprendemento da Fundación Juana de Vega. As propostas pivotaron sobre os tres eixos nos que se traballou durante as xornadas: actividades agrogandeiras, forestais e turísticas. Foron as seguintes:

- Creación dunha comercializadora de paquetes turísticos que una a oferta xa presente no concello da Veiga.
- Centro para campamentos de montaña enfocado a públicos infantil-xuvenil.
- Recuperación e posta en valor dos camiños e elementos patrimoniais existentes entre as parroquias da Veiga, con actividades de turismo activo.
- Creación dunha cooperativa forestal con serradoiro propio.
- Actividades de turismo activo na Veiga ligadas a unha casa rural na parroquia de Ponte.
- Potenciación do cultivo da faba «Loba», coa creación dunha empresa comercializadora.
- Creación dun parque tecnolóxico verde na Veiga, co obxectivo de mellorar a comercialización das producións locais e xerar coñecemento relacionado cos recursos endóxenos.

- Cultivos orientados a produtos *delicatessen*.

Un fio condutor do debate ao longo do seminario foi a situación particular do concello da Veiga. Existen iniciativas en marcha que son esperanzadoras no sector primario e terciario, cunha casuística dispar no que fai ao relevo xeracional. Ao redor da cuestión demográfica, o seminario valeu para analizar sobre o terreo unha realidade abondo preocupante, con moitas parroquias a piques da extinción. Este feito, alén doutras consecuencias, dificulta enormemente a continuidade dos seus vastos montes comunais, ao ficaren as parroquias sen habitantes permanentes: as implicacións sociais, ambientais e produtivas que isto comporta son moi notábeis.

A aposta pola cooperación entre as persoas que decidiron emprender na zona resulta fundamental. Neste sentido existen experiencias en Galicia, e tamén noutros contextos, que confirman que a colaboración de medios humanos e técnicos pode permitir acadar a viabilidade dunha determinada actividade económica. É importante que proxectos como o da apicultura ou o da carne de vacún de calidade, lanzados pola administración local, superen a súa inicial dependencia do financiamento público e acaden unha sustentabilidade de seu, en forma de empresas privadas, cooperativas e/ou asociacións de produtores, entre outras posibles fórmulas.

Asmade, a implantación de modelos de xestión do monte alternativos pode implicar un revulsivo para as economías locais, carentes até o momento de proxectos transversais de aproveitamento dun inmenso recurso do concello da Veiga: o monte. Constatamos unha escasa innovación á hora de xestionar as plantacións, cun modelo perpetuado desde os tempos das repoboacións do ICONA. Neste sentido, cómpre incidir no uso de especies autóctonas que, se ben non teñen un crecemento rápido, ofrecen recursos madeiros sustentábeis a longo prazo. Amais, estes poden asociarse ao lecer en múltiples sentidos. Do mesmo xeito, o monte pode ser fonte doutras actividades económicas de enorme potencial no territorio: micoloxía, herbas, apicultura, etc.

En relación coas actividades agroforestais e gandeirias, considéranse fundamentais o diálogo e a complementariedade entre os distintos subsectores do sector primario. A resiliencia das plantacións e dos bosques autóctonos asóciase ao mantemento dun mosaico de pasteiros, cultivos e masas forestais. Sen gando nos montes, e co abandono progresivo das aldeas, o territorio devén indefenso fronte aos lumes e deixa de ser produtivo. Pola contra, coa pluralidade de producións obtense unha menor dependencia da corta de piñeiros e ademais favorécese o aumento da biodiversidade.

Cos montes en produción, coidados e con biodiversidade, favorécese o apego á terra e un maior valor ao territorio que até o de agora foi quedando en abandono. Trátase dunha tarefa fundamental para consolidar un tipo de turismo que comeza a agromar nas últimas dúas décadas en Trevinca, vencellado ás experiencias de montaña, e que engade novos significados que as enriquecen, como o certificado de destino Starlight. Para que todas as iniciativas innovadoras que se propuxeron neste seminario non fiquen esquecidas resulta fundamental, por unha banda, o compromiso da poboación local en levalas á práctica; pola outra, que desde as administracións públicas, a todas as escalas, se dean as condicións que permitan a fixación de novas veiguesas e novos veigueses.

**A Veiga/Santiago de Compostela/San Pedro de Nós, novembro de 2018.<sup>1</sup>**

---

<sup>1</sup> Texto preparado polos coordinadores do curso, Martín Agrelo, Valerià Paül e Juan Manuel Trillo, da Universidade de Santiago de Compostela, coa contribución de Beatriz Suárez (Fundación Juana de Vega).